

Xestionado por [Vieiros](#)

CABONADO DE CASTELAO

## 59 anos sen o 'Compañeiro Daniel'

Este mércores haberá unha homenaxe en Bonaval e a Federación de Sociedades Galegas en Arxentina organizará un acto en Bos Aires o día 20.

Redacción - 13:00 07/01/2009

O 7 de xaneiro de 1950 faleceu en Bos Aires [Alfonso Daniel Rodríguez Castelao](#). Conmemorando o 59º cabodano, a [Fundación que leva o seu nome](#) homenaxeará ás cinco e media da tarde ao escritor e político cunha ofrenda floral diante do sartego que ocupa en San Domingos de Bonaval. Neste 2009 cúmprense así mesmo os 25 anos [da polémica repatriación](#) dos restos de Castelao dende o cemiterio da Chacarita até o Panteón de Galegos Ilustres. A Fundación anunciou que fará coincidir con esta efeméride a finalización do traballo de catalogación da súa obra. A [Consellaría de Cultura](#) e a propia Fundación asinaron en febreiro de 2008 un convenio para realizar este traballo, que conta cunha achega económica de 300 mil euros.

Miguel Anxo Seixas, vicepresidente da Fundación, coordina o traballo, no que participa un equipo de especialistas, que realizan o seu labor en colaboración con institucións públicas e privadas, facendo pescudas en distintos lugares de Galiza, Madrid, Arxentina, Estados Unidos, Cuba, Uruguai, México, Chile e Venezuela. Os documentos, unha vez catalogados, poderanse consulta no Arquivo Nacional de Galiza, na Cidade da Cultura.

### Homenaxes en Rianxo e Bos Aires

En Rianxo, o portavoz nacional do [BNG](#), Anxo Quintana, participará nun acto de homenaxe a partir das once da mañá cunha intervención na casa da cultura. Posteriormente, realizará unha ofrenda floral no monumento a Castelao. Nos actos previstos para este mércores, tamén está incluída a presenza das autoridades municipais e a intervención da concelleira do Bloque Nacionalista Galego na vila, Adelina Ces.

A [Federación de Asociacións Galegas de Arxentina](#) homenaxeará a Castelao no 59 aniversario da súa morte cun acto en Bos Aires que se celebrará o vindeiro 20 de xaneiro. Distintos representantes da colectividade galega no país americano acudirán á ofrenda floral que se colocará no monumento levantado en honor do político na praza que leva o seu nome na capital porteña. Ademais, na homenaxe actuará a cantante Lorena Lores e a Banda de Gaitas Federal interpretará varias pezas musicais.

### Novas relacionadas